



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Pedagogía
DISCIPLINA	Pedagogía teatral I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual. Xestual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	2.5
CARÁCTER	Formación básica
DEPARTAMENTO	Teoría e Historia das Artes do Espectáculo
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Laura Míguez Escudero
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Laura Míguez Escudero</p> <p>Horario titorías: na páxina web da escola</p> <p>Despacho: Dpto de Teoría e Historia.</p> <p>Contacto: lauramiguez@edu.xunta.gal</p>
	<p>Nome e apelidos: Julio Fernández Pelléz</p> <p>Horario titorías: na páxina web da escola</p> <p>Despacho: Dpto de Teoría e Historia.</p> <p>Contacto: juliofer@edu.xunta.gal</p>
DESCRIBIÓN	<p>Coñecemento das teorías da educación, da aprendizaxe e da psicoloxía do desenvolvemento.</p> <p>Coñecemento e práctica de procesos de deseño e desenvolvemento do currículo, planificación didáctica e elaboración de materiais para a práctica educativa e a animación teatral.</p> <p>Coñecemento de aspectos básicos de historia da educación e da animación teatral. Educación e animación teatral na perspectiva da interpretación.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento



	creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.	
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
EI4	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		
COMPETENCIAS VINCULADAS		
1. Coñecer os aspectos básicos que definen a educación teatral como un ámbito especializado da educación, así como os seus trazos e tipoloxías.	T1, T9, T17, X2, X3, X6, EI4	
2. Coñecer e valorar a importancia da Pedagogía teatral como disciplina inserida no marco das ciencias da educación.	T1, T9, T17, X2, X3, X6, EI4	
3. Coñecer e comprender as achegas das ciencias da educación e da conduta no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas e procesos educativos.	T1, T9, T17, X2, X3, X6, EI4	
1. Coñecer, comprender e valorar diferentes paradigmas na intervención educativa.	T1, T7, T1, X2, X3, X6, EI4	
4. Coñecer, comprender e dominar as diferentes técnicas, metodoloxías e recursos que lle son propias á expresión dramática e á expresión teatral	T1, T7, T10, X3, X6, EI4	
5. Diseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas e todo tipo de actividades en diferentes tempos e espazos educativos e con diferentes usuarios.	T1, T7, T9, T10, X3, X6, EI4	
6. Coñecer o proceso de desenvolvemento histórico da ensinanza e da animación teatral.	T1, T17, X2, X3, X6, X7, EI4	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A educación teatral como ámbito de educación, e como ámbito de educación artística: trazos pertinentes e diferenciais.		3
2. A educación teatral: tipoloxías, taxonomías e ámbitos de desenvolvemento.		3
3. A Pedagogía teatral como ciencia da educación teatral: aspectos teóricos.		3
4. Teorías da aprendizaxe en Pedagogía teatral.		4
5. Procesos psicolóxicos básicos en Pedagogía teatral.		3
6. Psicoloxía do desenvolvemento e Pedagogía teatral.		3
7. Pedagogía teatral e modelos de ensinanza.		10
8. Desenvolvemento de programas en Pedagogía teatral.		10
9. A avaliación en Pedagogía teatral.		3
10. Historia da Pedagogía e da educación teatral.		3



TOTAL SESIÓNS			45
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición maxistral	10	2	12
Exposición práctico-teórica	10	2	12
Práctica individual / Obradoiro	15	2	17
Práctica colectiva / Obradoiro	12	8	20
Prácticas de campo externas	8	4	12
Titorías individuais		2	2
Actividades de avaliación. Traballos		6	6
TOTAL	45	30	75
PORCENTAXE	60 %	40 %	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introdutorias	Presentar a materia e recoller información sobre o alumnado.		
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos fundamentais da materia.		
Estudo de casos	Realización e análise de recursos, técnicas, métodos e materiais, nunha perspectiva teórico-práctica.		
Traballos/ Practicas/Obradoiro	Adquisición de recursos, métodos e técnicas a través do traballo individual e colectivo.		
Prácticas externas	Realización dun taller de teatro nun centro educativo		
Traballos tutelados	Realización de diferentes materiais cunha orientación teórico-práctica e metodolóxica baixo a supervisión do profesor.		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.		
Orientación.	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.		
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN			
8.1 Avaliación ordinaria			
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación	
Asistencia e participación en clase.	T1,T7, T9, T10, X2, X3, X6, X7, E14	20%	
Elaboración dun cartafol cos materiais de clase.	T1, T16, X2, X3, X6, X7, E14	20%	
Elaboración dun programa de educación teatral.	T1, T9, T17, X2, X3, X6, X7, E14	60%	
8.2. Avaliación extraordinaria			
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación	



A avaliación extraordinaria consistirá no desenvolvemento daquelas competencias que non se teñan acadado a partir da repetición dos traballos non superados baixo a supervisión do profesor.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dunha proba escrita en torno aos eixes temáticos fundamentais da materia.	T1, T7, T9, T10, T16, T17, X2, X3, X6, X7, E14	60%
Elaboración dun programa de educación teatral.	T1, T9, T17, X2, X3, X6, X7, E14	40%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS:

- Carr, D. (2005): *El sentido de la educación*, Barcelona, Graó.
- Carr, W. (2002): *Una teoría para la educación*, Madrid, Morata.
- Colom Cañellas, A. & Núñez Cubero, L. (2001): *Teoría de la educación*, Madrid, Síntesis.
- Lukas, J. F. & Santiago K. (2009): *Evaluación educativa*, Madrid, Alianza.
- Martín Bravo, C. & Navarro Guzmán, J. I. (coords.) (2009): *Psicología del desarrollo para docentes*, Madrid, Pirámide.
- Mestre Navas, J. M. & Palmero Cantero, F. (coords.) (2004): *Procesos psicológicos básicos*, Madrid, McGraw Hill.
- Ortega Ruíz, Rosario (2005): *Psicología de la enseñanza y desarrollo de personas y comunidades*, México, Fondo de Cultura Económica.
- Rodríguez Diéguez, J. L. (2004): *La programación en la enseñanza*, Archidona, Aljibe.
- Rúe, J. (2002): *Qué enseñar y por qué. Elaboración y desarrollo de proyectos de formación*, Barcelona, Paidós.
- Suárez, Reinaldo (2005): *La educación. Teorías educativas. Estrategias de enseñanza aprendizaje*, México, Trillas.
- Zabala Vidiella, Antoni (2005): *La práctica educativa. Cómo enseñar*, Barcelona, Graó.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

- Eines, J. y Mantovani, A. (1997) *Didáctica de la dramatización*. Barcelona, Gedisa.
- Ferrer García, R. [@rodrigoferre] (06 de mayo de 2022). Cómo hacer una Unidad Didáctica con la LOMLOE en Educación Básica. [Archivo de video.] Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=jhCT0E4MyA>
- Motos, T. y Giménez C. y Gassent R. (2021) *Trabajo de Sísifo. Las artes escénicas en la educación*, Academia de las Artes Escénicas de España. Colección: La voz de la academia. <https://doi.org/10.23824/ase.v0i38.781>
- Pérez Serrano, G. (2016) *Diseño de proyectos sociales. Aplicaciones prácticas para su planificación, gestión y evaluación*. Madrid, Narcea.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de ética no tratamento da información, ou plaxio, conllevará automaticamente a calificación máis baixa na materia. Os traballos por escrito deberán presentarse segundo os criterios establecidos polo centro en relación ao modelo, desenvolvemento e adecuación estilística y ortográfica (IP701.16 no apartado 7 do Manual de Calidade). Os traballos que non reúnan tales requisitos serán devoltos para a súa revisión.

Manteranse medidas de limpeza, hixiene das mans e a ventilación regular dos espazos pechados. Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.